

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia / Módulo	Xeografía e Historia	Pág.	1
Curso / Ciclo	Curso 2023-24 - 3º ESO		
Profesor/a responsable	María Saavedra Ricoy		

CONTIDOS (Temporalizados por Avaliacións)

1º PARCIAL:

- **O Século da Razón:** O Antigo Réxime. A Ilustración. O Despotismo ilustrado. Síntomas de cambio: da servidume a cidadanía.
- **As Revolucións burguesas:** As ideas do liberalismo e as revoltas americana e francesa e as súas consecuencias. A Revolución Industrial: mentalidade capitalista e unha nova organización social de clases.
- **A chegada dunha nova dinastía en España.** Reformismo Borbónico. Guerra de Independencia e Constitución de 1812.
- **As manifestacións artísticas.** Rococó, Neoclasicismo, Romanticismo e Goya

2º PARCIAL:

- **Os Sistemas económicos.** Os axentes económicos e as súas relacións: empresas, familias e Estado. Os factores de produción: recursos naturais, capital, tecnoloxía e traballo. Os sistemas económicos. Tendencias económicas actuais. A distribución desigual dos recursos e do traballo nun mundo globalizado.
- **A actividade económica e sectores produtivos.** Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos en Europa, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea.
- **Organización política das sociedades.** Os réximes políticos e a organización dos Estados. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional en España.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

- Ao longo do curso o alumnado da E.S.O. que promocionou de nivel tendo suspendida algunha das materias impartidas polo Departamento de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia recibirá o correspondente reforzo educativo coa finalidade de que poida aprobar a materia.
- Durante o curso os alumnos e alumnas coa materia de Xeografía e Historia 3º ESO pendente realizarán ***Boletíns de Actividades de Reforzo*** propostos polo Departamento. O docente que imparta clase a estes alumnos e alumnas encargarse de supervisar e avaliar a realización das actividades propostas, controlando deste xeito o traballo realizado polo alumnado. Os alumnado poderá consultar ao profesor/a calquera tipo de dúbidas e problemas que se lle poida presentar na elaboración das actividades.

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

- **A materia dividirase en dous parciais. Para poder aprobar os correspondentes parciais os alumnos e as alumnas deberán presentar as actividades dos Boletíns de Reforzo completas e correctas.** A materia quedará superada se se dan as seguintes circunstancias:

- **Aprobando ambos parciais** (é dicir, obtendo un 5 como mínimo en cada un deles).

- **Obtendo unha cualificación \geq que 5** na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Nota: (Nota 1ºParcial + Nota 2º Parcial) / 2.

- **Aqueles alumnos ou alumnas que non aprobe** a materia deste xeito poderán realizar unha **Proba final** no mes de maio, que se puntuará sobre 10 e na que entrarán todos os contidos traballados. Esta proba terá a seguinte estrutura:

- Unha primeira parte será de carácter teórico e consistirá na definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas, desenvolvemento de breves temas históricos...

- Unha segunda parte será de carácter máis práctico e poderá constar dun comentario guiado dun mapa, gráfico, imaxe,... elaboración de esquemas, clasificación de afirmacións como verdadeiras ou falsas, completar un mapa...

- O alumnado que **non aprobe a materia pendente na Proba Final** do mes de maio, terá **outra oportunidade para recuperala tras superar as actividades propostas polo/a docente** (poderán ser escritas, orais, interactivas, comentarios, cuestionarios...). **Dita recuperación terá lugar antes da data establecida no Centro para a terceira Avaliación parcial e a sesión de Avaliación Final Ordinaria.**